

## COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN E ACEPTACIÓN DE NORMAS

Dona \_\_\_\_\_, maior de idade  
con data de nacemento \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
con \_\_\_\_\_ domicilio \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_

---

### **DECLARO**

**1. Que** se me informou sobre as liñas xerais de participación no proxecto de Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica do Concello de Soutomaior e que se me entregou o documento de normas de funcionamento.

**2. Que** cumpro os requisitos requiridos para participar no proxecto:

- a) Ser veciño/a de Soutomaior, figurando inscrito/a no Padrón Municipal de habitantes.
- b) Estar fisicamente capacitado/a para realizar o traballo agrícola.
- c) Ser maior de idade ou vir acompañado dunha persoa que teña titularidade da horta/parcela previa autorización.
- d) Aceptar as normas de funcionamento interno da horta.

**3. Que** me comprometo a participar na formación que se organice dentro do proxecto para o bo funcionamento do proxecto.

**4. Que** como persoa inscrita adquiero unha adxudicación temporal da parcela para continuar coas labores durante o ano 2018 baixo a supervisión da comisión de seguimento.

**5. Que** a autorización de uso temporal supón o recoñecemento formal por parte dos usuarios/as do dereito de xestión do Concello de Soutomaior da parcela utilizada e da horta municipal na súa totalidade; así como, todas as instalacións inseparables ao terreo.

**6. Que** me comprometo a aportar:

- Ferramentas básicas (algunhas poden ser de uso común acordadas nas normas internas do grupo), produtos agrícolas e material vexetal necesarios para cultivar.
- Sementes e plantóns para comezar o cultivo así como material complementario (cordas, titores, arame, etc.).
- Subministración de compós e abono orgánico para o inicio do cultivo.

**7. Que** se me entrega o documento de NORMAS DE FUNCIONAMENTO E USOS ESCOLA MUNICIPAL DE HORTA URBANA ECOLÓXICA estipuladas polo Concello.

**8. Que** me comprometo a incorporarme ao proxecto da Horta respetando as normas de funcionamento do grupo de hortelanos/as xa existente e a participar democraticamente nel para un bo funcionamento do proxecto.

E, para que así conste, asino esta declaración de compromiso e aceptación de normas do proxecto de Escola Municipal de Horta Urbana e Ecolóxica en Soutomaior, o ----- de -----de 2018.

(Sinatura)